

## Chuvascos nun ceo despexado

Si, son eu, o brillante detective Samhain Autumn. Xa sei, xa sei, o meu nome é un tanto estraño, pero non é iso do que imos falar hoxe, non si? Si, hoxe contareiche todo sobre o meu último caso: o asasinato do Sr. Galego.

Estaba durmi... meditando sobre un caso no meu despacho cando me esperta do meu transo o Sr. Doyle, o meu axudante, que aínda que é un pouco parvo, sempre foi moi leal e sabe facer moi bos cafés.

- Sam isto é terrible! Temos un caso de asasinato!! Asasinato!!!

- Tranquílicese, Doyle. Dígame, quen é a vítima?

- É... é... o señor Galego, señor.

Así coñecín a morte dun gran amigo meu. Se tivese que describilo seguramente na túa cabeza imaxinaríaste ao Apalpador, e tampouco irías moi mal encamiñado. O seu pelo vermello, a súa barba poboada, a súa barriga cervexeira e as súas mans grandes e calosas, pero xentís facían do Sr. Galego un home recoñecible na cidade. E ese home tan recoñecible, o meu amigo, estaba tendido no chan, xa morto.

Ao seu carón choraba a máis nova dos galego-falantes (chamabamos así aos fillos do Sr. Galego, dado o apelido da súa defunta muller) acompañada dunha muller, tal vez a súa amiga, ou mesmo eran parella, eu que sei.

- Alguacil, que é o que temos?- preguntei.

- A autopsia presenta que faleceu hai unhas dez horas, entre as 00:00 e 00:30. A causa da morte foi un golpe cun obxecto contundente na cabeza, pero aínda non determinamos a arma homicida.

- Non tendes ningunha outra pista?

- No peto do cadáver atopamos esta rosa de ouro. Sr. Autumn, teña coidado, isto pode significar que a asasina pode ser Vivienne, o Prexuízo Negro. En cada delito que cometeu atopamos unha rosa coma esta.

- Moitas grazas polo seu arduo traballo, a partir de agora déixemo a min.

- Ten moito coidado, detective Autumn, esa muller é perigosa.

Mentres eu interrogaba aos presentes e buscaba pistas, mandei ao meu axudante a buscar algunha testemuña. A dicir verdade, non cría que encontrase a ninguén, pero era unha boa forma de que non amolase.

Achegueime ao corpo e estrañoume a mancha de sangue. Lonxe de ser abundante e dispersa, como se esperaría na súa morte, na escena só se atopaba un pequeno fío de sangue. Tampouco había indicios de ter sido limpadado, así que a única opción que quedaba era que transportasen o corpo ata aquí, pero por que?

- Raquel – así se chamaba a galego-falante –sabes se o teu pai se encontrou con alguén onte á medianoite?

- Non, señor, estivo na casa en todo momento. Estaba traballando no seu próximo proxecto, e cando está así non deixa o seu despacho nin para comer.

- Xa vexo, e ten vostede algunha coartada?

- Acaso está vostede sospeitando de min? Estiven todo o rato no meu cuarto, falando por teléfono coa miña amiga, Bianca, – dixo sinalando á outra rapaza – ela pódeo corroborar, tamén está o rexistro de chamadas do teléfono se o necesita.

- Vale, vale, non fai falta tomalo todo á tremenda, só é o procedemento destes casos.

Mentres, Bianca mirábame con ollos amables que, por algunha razón, recordábanme ao conto do lobo con pel de cordeiro. E case como se soubese que xa rematara aí. Aparece Doyle, correndo e berrando coma un lunático, algo que fai que ás veces me pregunte por que lle pago, aínda que se me pasa cando recordo que non o fago.

- Sam, teño moi boas noticias! Encontrei unha testemuña que viu á vítima á hora do asasinato!

- Cala, Doyle! Cantas veces teño que dicirche que non berres? E chámame Autumn cando estamos fóra! Dime, onde podo atopar á testemuña?

- Perdón, señor Autumn. A testemuña vive na rúa da Parsimonia, cerca da catedral.

- Imos aló.

Encamiñámonos ata a casa da testemuña, coa esperanza dunha nova pista, algo que despexe toda a néboa deste caso, pero, parvo de min, non ía ser tan fácil.

- Vino! Vino cos meus propios ollos! A mesma Santa Compañía saía da catedral arredor das doce, seino porque desde aquí se escoitan moi ben as campás.

- E dis que o señor Galego lideraba a “Santa Compañía” portando a cruz, o que significaba un presaxio de morte?

- Si, reconecería o seu pelo vermello e as súas vestimentas a quilómetros. A súa cara non a vin, porque estaba coa cabeza baixa, normal, o pobre sabía que ía morrer, pero estou segura de que era el.

Seguíano unhas catro almas en pena máis, todos cunha túnica negra camiñando lentamente con pasiños moi lentos e sincronizados, era a marcha da morte! Estou segura diso!

Xa tendo suficientes parvadas, saín da casa agradecendo á señora polo seu tempo. Mandeí a Doyle por un café mentres sentaba nun banco na praza do Obradoiro, pensando que os lunáticos só atraían a máis lunáticos. Relaxeime por un tempo vendo aos artistas urbanos que se atopaban bailando hoxe. Gustábame moito, pasar un tempo tomando aire vendo a esta xente facendo todo tipo de cousas increíbles, sobre todo o meu favorito: un bailarín que leva atadas por paus unhas marionetas ás súas extremidades, parecendo que bailan con el...

Xa o teño! Se a miña hipótese é correcta, aínda debería de quedar algún rastro.

- Señor, aquí ten o seu café.

- Grazas, Doyle. Agora andando, temos que ir á catedral e despois volver á escena do crime, o tempo aprema.

- Desde cando é vostede relixioso, señor?

Chegamos á catedral e dirixinme ao Santo dos Croques. Alí atopei o que buscaba: a súa fronte era máis esbrancuxada que o resto do corpo, algo que indicaba o uso de lixivia. E aínda mellor do que esperaba, atopei unha gota de sangue seca máis afastada.

Tendo o que necesitaba de alí, fun correndo ata a casa do señor Galego coa esperanza de atopar aínda algo alí. Fun directamente ao patio traseiro, onde se atopaba o incinerador de refugallos e... bingo! Alí aínda quedaban restos de madeira queimada e un anaco de tea negra.

Xa tiña todas as pistas, e a asasina solo podía ser esa persoa...

- Doyle reúne a todo o mundo na sala de estar e chama ao alguacil, este caso xa é historia.

- Como se esperaba de vostede, señor! Vou nun tris!

Reunidos todos empecei coas miñas deducións:

- Antes que nada explicareivos como se cometeu o asasinato. A media noite o señor Galego foi asasinado no seu despacho, pero tamén unha testemuña asegura que esa noite viu á vítima saíndo da catedral, como pode ser isto? Fácil, a vítima foi asasinada na catedral e logo levárona ata aquí.

-Imposible! Calquera podería ter visto ao asasino levando un cadáver. - dixo o alguacil.

-Espere e teña fe, home, que aínda non acabei. Como dicía o señor Galego foi asasinado na catedral despois de ser citado alí polo asasino, este golpeoulle a cabeza contra o Santo dos Croques causándolle unha ferida fatal. Encontrei indicios de que a fronte do Santo foi limpada e un rastro de sangue, que xa está sendo analizado polos forenses.

E agora explicarei como se transportou o corpo do meu amigo. A testemuña dixo que viu á Santa Compañía, e non estaba moi mal encamiñada, posto que para facer este truco ilusorio a asasina utilizou marionetas. Se ataba ao corpo sen vida ás súas extremidades e detrás

utilizaba máis monicreques podería dar a impresión de ver a marcha lenta e sincronizada da Santa Compañía. No incinerador do patio traseiro quedaron restos deste macabro disfrace.

- Non dou creto! E dígame sabe xa quen o fixo?

- Si. A única persoa que podería ter feito isto é alguén que gañou a confianza do señor Galego para citalo a esas horas na catedral e que fose completamente normal que entrase na súa casa para deixar o cadáver. Non é así, Bianca?

- Pero como se atreve, detective de pacotilla? Non sei se recordas que eu teño unha coartada.

- Claro, sería completamente imposible para ti facer todo isto soa. Por iso necesitabas unha cómplice: a túa amiga Raquel, filla da vítima! Enganaches a Raquel para que che axudase a asasinar ao seu pai, fixo que o señor Galego fose á catedral e ademais proporcionouche unha coartada.

- Bravo, detective – dixo mentres aplaudía sarcasticamente – supoño que me topei cun muro demasiado alto para min. Agora cambiemos de xogo, xoguemos ao pilla-pilla!

Nunca tiven boa forma física, así que deixei que o alguacil se ocupase de perseguila esta vez.

- Perdón... Perdón...- dixo mentres a galego-falante derrubándose sobre os seus xeonllos – ela, me dixo que ía estar comigo para sempre se o facía...

-Bueno Doyle, semella que xa rematamos o traballo por hoxe. Axudáchesme moito neste caso, grazas.

- Non foi nada, señor Autumn.

Días máis tarde fun a San Andrés de Teixido, a cerrar este caso por completo.

- Parece ser que finalmente atraparon a Bianca, ou mellor dito Vivienne. Vin aquí porque quería dicirte unha última cousa, meu amigo, e como sempre dixeches que nunca viñeras aquí... xa sabes o que din, non? “A San Andrés de Teixido vai de morto quen non foi de vivo”. De estares aquí sei que dirías que é unha parvada, pero así son eu, un parvo. En fin, vou ao gran; quería dicirte que sei que nunca morrerás de verdade, que sempre seguirás no

corazón dos teus amigos e, sobre todo, dos teus fillos, os galego-falantes. Non te preocupes, non deixarei que volvan caer nas mans de Prexuízos Negros ou calquera outro. En fin marchou, que parece que está empezando a chover.- dixen mentres unha pinga esvaraba pola miña meixela.

E así marchei de alí coas mans nos petos, mirando cara ao horizonte, un mar calmo e un ceo totalmente despexado.